

CONCELLERÍA DE CULTURA.
CONCELLO DE CULLEREDO
ENCONTROS CULTURAIS DO OUTONO 2010 .
PROGRAMACIÓN TEATRAL.HOMENAXE A ROBERTO
VIDAL BOLAÑO.

O vindeiro venres día 3 de decembro terá lugar a terceira das funcións da nova tempada da programación de teatro “Roberto Vidal Bolaño” dedicado ás compañías profesionais incluída dentro dos Encontros Culturais do Outono da concellería de cultura de Culleredo coa representación ás 19:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples de O Burgo do espectáculo “CONTOS NO AR” de ARTESTUDIO TEATRO.

Con esta función continúa, un ciclo dedicado ao teatro infantil e familiar coa participación das mellores compañías profesionais galegas que traerá a Culleredo o mellor do teatro para os máis pequenos que se está a facer no noso país cun especial coidado pola posta en escena, o vestiario, e o traballo actoral. Así despois da actuación o día 3 de decembro Artestudio Teatro con “Contos no ar”, o día 10 de Nadal, Caramuxo Teatro representará o éxito editorial do debuxante Pepe Carreiro levado ao teatro “Os Bolechas”.

Rematará este ciclo de teatro infantil cun dos grandes éxitos do teatro infantil “Bicharada” cun dos grandes grupos de teatro galego, “Berrobambán Teatro” cun espectáculo no que hai que salientar unha coidada escenografía e espectaculares vestiarios.

“CONTOS NO AR”. ARTESTUDIO TEATRO

Contos no ar está escrita e dirixida por Ramiro Neira.

Esta é a historia dun cazador de contos, Peter Hamelin Merlin tamén chamado "Tí".

Os contos son como bolboretas ou avionciños de papel, hai algúns grandes e outros pequenos, hai bolboretas amarelas e contos alegres, hai bolboretas negras e contos tristes, e todos andan a voar por ese maravilloso mundo das ideas, concretamente no País dos Contos. ¿Onde queda?.

Pechade os ollos e pensade..... Estadades abrindo os ollos da mente e con eles poderedes contemplar o fabuloso mundo das ideas onde se atopa o País dos Contos, creado polo pensamento de todas as persoas.

"Tí" caza contos e os pon en gaiolas, que el mesmo fai coas palabras e así entrégaos aos nenos.

Agora só depende de vós que abrades a gaiola, para que moitos, moitos contos podan saír voando.....voando.....



Artestudio é xestionada dende agosto 2005 por Estefanía Vázquez, pedagoga social e animadora sociocultural, que pretende darlle un enfoque

educativo ás actividades que dende ese momento se levan a cabo. Artestudio Teatro está dirixido artísticamente por Ramiro Neira, actor e director teatral galego, cunha ampla traxectoria no mundo artístico.

RAMIRO NEIRA (Ribadavia, Ourense, 1977) é Diplomado en Maxisterio (especialista en Audición e Linguaxe e ten moitos anos de experiencia en Galicia como actor, director, docente, produtor e distribuidor de diferentes espectáculos de Teatro. Como actor traballou e traballa con diferentes grupos de Teatro: Artestudio Teatro, Sardiña, Tea, Estragón, Grupo Institucional da Universidade da Coruña, Teatro da Bufarda, Espello Cóncavo, Teatro da Lúa, Casa Hamlet, Patatín e Patatán, entre outros.

Como docente e Director coordinou grupos en: Sardiña, Gangarilla, Instituto María Casares, Centro Fonseca, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Concello de Ordes, Fogar do Maior do Barrio das Flores, Artestudio, Forum Metropolitano...)

Como produtor e distribuidor traballou con: Teatro da Bufarda, Hac Luce Universidade da Coruña, Teatro da Lúa, UVG Teatro, Galileo Teatro, Ballet Studio, Paparota Teatro, ...

Actualmente compaxina os seus traballos como docente, actor e director coa Coordinación de diferentes proxectos do Concello da Coruña e do Forum Metropolitano, como son o Programa Horas Punta, Mostra de Teatro Escolar e os Encontros de Teatro Independente da Coruña.

Está dirixido para público infantil e os prezos da entrada son 3,50 para adultos e 1,75 para nenos/as.